



Poesía, o que antecede á linguaxe

Oriana Méndez

En *chairas sucesións* hai un acontecemento, unha conversa e unha sucesión de descubrimentos en relación ao outro e ao propio acto poético. Por iso, nas *chairas*, nun espazo e nun tempo suspendidos que tamén é un océano, que é unha liña do horizonte en que se encontran Dous nunha concavidade, hai interrogantes, hai unha indagación sobre o abraio. Desenvólvese o territorio interminable que é o encontro; a dialéctica infinita do amor, así o dixo a poeta Branca Trigo sobre este libro. E onte mesmo lin nunha entrevista á escritora Luisa Castro isto que quixen anotar: «A poesía é algo irracional e algo formal ao mesmo tempo». Podería pasar desapercibido, pero é exactamente así, pensei. A poesía nace antes cá linguaxe ou precisamente no salto (lembramos versos eternos de San Juan de la Cruz: *mas por ser de amor el lance / di un ciego y oscuro salto / y fui tan alto, tan alto / que le di a la caza alcance*); dicía, a poesía nace no límite coa linguaxe, no salto, unha visión de salto é a poesía; despois, a precipitación, a caída, é a linguaxe, quero dicir, a materia na que se concreta. Por iso me parece tan acertada esa idea da poesía como combinación de «algo» (quen sabe qué ou, precisamente, ese algo que non se sabe) irracional e tamén un esmero da linguaxe, unha beleza, unha verdade. Onde está? No salto -indagación-, no risco de tentar dicir e no propio dicir: a caída.

Así acontece tamén neste libro, nesta conversa polifónica en ocasións porque entran versos doutros autores a entremesturarse nas *chairas*; bifónica noutros momentos ou tan só unha bafarada interior de imaxes que se amplifica na conciencia de quen escribe e cae no poema. Coa publicación deste libro téñenme preguntado bastante, con certo estrañamento, polofeito de escribir un poema de amor no século XXI, debido creo eu a que María do Cebreiro moi xenerosamente sentenciar no seu texto que o poema «aviva a vella chama do amor e da poesía». Non estou satisfeita coas respostas que dei. Levo moitos meses traballando, man a man coa poeta e tradutora Tamara Andrés, en varias traducións do poeta, xenio, príncipe de noite, como lle chamamos particularmente, que se define por escribir en total liberdade e por asinar unha



máxima que 150 anos despois da súa formulación segue a nos interpelar: hai que reinventar o amor, falo de Arthur Rimbaud. Amor e liberdade. Amor e reinención, indagación, procura: esa é en verdade sempre a poesía. E isto será o que a partir de agora diga cando me pregunten por este libro, direi que el mesmo quere reinventarse, existir, indagarse a través da escritura, é así como se produce e se desenvolve, nunha entrega da visión á caída, á linguaxe, á escritura. O amor, ao mesmo tempo, seguirá a ser, parafraseando a Simone Weil, principal órgano de adhesión á beleza, o lugar no que plena existencia e beleza se confunden. Como non vai ser entón o principal órgano do poema.